

**ACTA NUMERO ONCE DAS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN  
PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTE E SETE DE MAIO  
DE DOUS MIL OITO :-.....**

=====

**PRESIDENTA :**  
D<sup>a</sup> Catalina González Bea

- CONCELLEIROS/AS:**  
D. Angel Casal Moldes  
D. Salvador Durán Bermúdez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez  
D. Constantino Sanmartín Quiñones  
D<sup>a</sup> Almudena Aguín Fernández  
D. Manuel López Méndez  
D<sup>a</sup> Susana Fernández Trelles  
D. Martín Otero Otero  
D. Roberto-Alfonso Fernández Lores  
D<sup>a</sup> Gloria González Camiña  
D. David Otero Domínguez  
D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dulcinea Aguín Pombo  
D. José-Ramón López Fernández  
D. Manuel Lores Puente  
D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo

**SECRETARIO ACCTAL.:**  
D. Luis-Angel Sabariz Rolán

=====

No salón de actos da casa consistorial de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e oito minutos do día vinte e sete de maio de dous mil oito. Baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup> CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as sres/as. concelleiros/as que ó marxe se relacionan co fin de realizar a sesión ordinaria da corporación municipal en Pleno deste concello convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta e pública a sesión co obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. -----

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

## **ACTA ANTERIOR:**

**139: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 25 DE MARZO DE 2008.** Pola **Sra. presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún concelleiro/a ten que formular algunha observación ó acta que se somete a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, por asentimento unánime, préstase aprobación á devandita acta.-----

**140: POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA (DE RES. Nº 309/08 Á Nº 583/08).**A **Sra. presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as resolucións da alcaldía ditadas dende a última sesión ordinaria dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A corporación dáse por informada.-----

**141: POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REFERENTES A EXERCICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.** En virtude do disposto polo art. 22.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación co art. 41.22 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dáse conta o Pleno Municipal dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados dende a última sesión ordinaria de conformidade polo determinado nos art. 61.j) e 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A **Sra. presidenta** fai constar que a relación detallada dos acordos estiveron no expediente á disposición dos/as concelleiros/as e se alguén quere formular algunha aclaración que o manifeste. Non se produce ningunha solicitude.

A Corporación dáse por informada.-----

**142: APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE SANXENXO E DORRÓN.** Polo **Sr. secretario** dáse lectura ó ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“”2º) **APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE SANXENXO E DORRÓN.** Dáse conta da proposta da alcaldía que literalmente di:

“”Con data 29-01-08, foi aprobado inicialmente o regulamento dos cemiterios municipais de Dorrón e Sanxenxo de acordo co disposto no artigo 49.a) da Lei 7/85 de 2 de abril. No BOP nº 42 de 28 de febreiro de 2008 publicouse o anuncio de dita aprobación inicial ós efectos da presentación de alegacións ou suxestións por prazo de trinta días como acordou o pleno e cumprindo o establecido no parágrafo b) do artigo 49 antes citado.

Presentáronse dous escritos con alegacións por parte de D. Ricardo Vidal Vidal, Párroco de Dorrón, e de D. José Lobato Barreiro, en representación da Asociación de Veciños “San Juan de Dorrón”. Na primeira solicítase a ampliación do horario para a condución de cadáveres nunha hora tanto no verán coma no inverno modificándose o artigo 7, mentres que na segunda solicítase unhas correccións dos artigos 3 e 16 para recoller con maior claridade os acordos asinados entre a AA.VV. e o Concello en canto á utilización do cemiterio de Dorrón.

Analizadas as alegacións, considérase que estas deben ser asumidas pola corporación, para mellorar o servizo público no primeiro dos casos e para recoller con máis precisións os acordos asinados coa Asociación de Veciños “San Juan de Dorón” no seu día. En consecuencia, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Estimar as alegacións presentadas por D. Ricardo Vidal Vidal, Párroco de Dorrón, e por D. José Lobato Barreiro, en representación da Asociación de Veciños “San Juan de Dorrón” relacionadas co período de exposición pública da aprobación inicial do regulamento dos cemiterios municipais de Sanxenxo e Dorrón.

SEGUNDO: Eliminar do artigo 3 a expresión “cos seus correspondentes nichos”, de xeito que dito artigo 3 do regulamento queda redactado definitivamente así:

#### “”Artigo 3

Para o suposto do cemiterio público de Dorrón, o Concello de Sanxenxo recoñece segundo convenio asinado coa asociación de veciños de DORRÓN, con motivo da obtención dos terreos para a promoción deste cemiterio público municipal, que hai 217 parcelas con título de propiedade que hai que ceder ós veciños, sendo estes propiedade única e exclusivamente dos seus titulares, e non municipais. A tal efecto este regulamento se remite ós documentos que constan no expediente de contratación administrativa.””

TERCEIRO: Corrixir o artigo 7 en canto ó horario para a condución de cadáveres que se mplía nunha hora nos dous horarios establecidos. Así o artigo 7 do regulamento queda redactado definitivamente do seguinte xeito:

#### “”Artigo 7

O horario de apertura e peche dos cemiterios municipais, será:  
Dende o 1 de abril ao 30 de setembro, ámbolos dous inclusive, das 08:30 ás 21 horas.  
Dende o 1 de outubro ao 31 de marzo, ámbolos dous inclusive, das 9:00 ás 20 horas.

As horas para a condución de cadáveres, serán pola mañá de 9:00 a 13:00 horas durante todo o ano, e pola tarde de 16:00 a 20:00 horas durante os meses de abril a setembro, e de 16:00 a 18:00 horas durante os meses de outubro a marzo.””.

CUARTO: Engadir ó primeiro parágrafo do artigo 16 a expresión “non sendo de aplicación ós titulares privados de Dorrón, que se rexerán polo convenio suscrito entre a Asociación de Veciños “San Juan de Dorrón” e o Concello de Sanxenxo”. Deste xeito este primeiro parágrafo deste artigo 16, na súa totalidade, queda redactado definitivamente do seguinte xeito:

#### “”Artigo 16

O dereito funerario sobre o uso con carácter privativo de panteóns, nichos, sepulturas e, en xeral, parcelas de terra, nace co acto da concesión e o pagamento do canon esixido no acordo de outorgamento da concesión non sendo de aplicación ós titulares privados de Dorrón, que se rexerán polo convenio suscrito entre a Asociación de Veciños “San Juan de Dorrón” e o Concello de Sanxenxo””.

Permanece inalterables os restantes parágrafos deste artigo 16.

QUINTO: Aprobar definitivamente o texto do regulamento dos cemiterios municipais de Sanxenxo e Dorrón que é o aprobado inicialmente polo pleno o día 29 de xaneiro de 2008 coas modificacións dos artigos 3, 7 e 16 antes reflectidas, dándose cumprimento ó establecido no artigo 49.c) la Lei 7/85.

SEXTO: Ordenar a publicación do texto íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia ós efectos do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 para a súa entrada en vigor.””

Non se produce debate e a **presidencia** somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Mixto e Sra. presidenta).  
Abstencións: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia a **Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio**, por maioría acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** estimar as alegacións presentadas por D. Ricardo Vidal Vidal, Párroco de Dorrón, e por D. José Lobato Barreiro, en representación da Asociación de Veciños “San Juan de Dorrón” relacionadas co período de exposición pública da aprobación inicial do regulamento dos cemiterios municipais de Sanxenxo e Dorrón.

**SEGUNDO:** eliminar do artigo 3 a expresión “cos seus correspondentes nichos”, de xeito que dito artigo 3 do regulamento queda redactado definitivamente así:

“Artigo 3

Para o suposto do cemiterio público de Dorrón, o Concello de Sanxenxo recoñece segundo convenio asinado coa asociación de veciños de DORRÓN, con motivo da obtención dos terreos para a promoción deste cemiterio público municipal, que hai 217 parcelas con título de propiedade que hai que ceder ós veciños, sendo estes propiedade única e exclusivamente dos seus titulares, e non municipais. A tal efecto este regulamento se remite ós documentos que constan no expediente de contratación administrativa.”

**TERCEIRO:** corrixir o artigo 7 en canto ó horario para a conducción de cadáveres que se cumpria nunha hora nos dous horarios establecidos. Así o artigo 7 do regulamento queda redactado definitivamente do seguinte xeito:

“Artigo 7

O horario de apertura e peche dos cemiterios municipais, será:

Dende o 1 de abril ao 30 de setembro, ámbolos dous inclusive, das 08:30 ás 21 horas.

Dende o 1 de outubro ao 31 de marzo, ámbolos dous inclusive, das 9:00 ás 20 horas.

As horas para a conducción de cadáveres, serán pola mañá de 9:00 a 13:00 horas durante todo o ano, e pola tarde de 16:00 a 20:00 horas durante os meses de abril a setembro, e de 16:00 a 18:00 horas durante os meses de outubro a marzo.”

**CUARTO:** engadir ó primeiro parágrafo do artigo 16 a expresión “non sendo de aplicación ós titulares privados de Dorrón, que se rexerán polo convenio suscrito entre a Asociación de Veciños “San Juan de Dorrón” e o Concello de Sanxenxo”. Deste xeito este primeiro parágrafo deste artigo 16, na súa totalidade, queda redactado definitivamente do seguinte xeito:

“Artigo 16

O dereito funerario sobre o uso con carácter privativo de panteóns, nichos, sepulturas e, en xeral, parcelas de terra, nace co acto da concesión e o pagamento do canon esixido no acordo de outorgamento da concesión non sendo de aplicación ós titulares privados de Dorrón, que se rexerán polo convenio suscrito entre a Asociación de Veciños “San Juan de Dorrón” e o Concello de Sanxenxo”.

Permanece inalterables os restantes parágrafos deste artigo 16.

**QUINTO:** aprobar definitivamente o texto do regulamento dos cemiterios municipais de Sanxenxo e Dorrón que é o aprobado inicialmente polo pleno o día 29 de xaneiro de 2008 coas modificacións dos artigos 3, 7 e 16 antes reflectidas, dándose cumprimento ó establecido no artigo 49.c) la Lei 7/85.

**SEXTO:** ordenar a publicación do texto íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia ós efectos do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 para a súa entrada en vigor.”

Non se produce debate e a **presidencia** somete a votación o contido do ditame que foi aprobado por unanimidade, e en consecuencia a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** estimar as alegacións presentadas por D. Ricardo Vidal Vidal, Párroco de Dorrón, e por D. José Lobato Barreiro, en representación da Asociación de Veciños “San Juan de Dorrón” relacionadas co período de exposición pública da aprobación inicial do regulamento dos cemiterios municipais de Sanxenxo e Dorrón.

**SEGUNDO:** eliminar do artigo 3 a expresión “cos seus correspondentes nichos”, de xeito que dito artigo 3 do regulamento queda redactado definitivamente así:

“”Artigo 3

Para o suposto do cemiterio público de Dorrón, o Concello de Sanxenxo reconece segundo convenio asinado coa asociación de veciños de DORRÓN, con motivo da obtención dos terreos para a promoción deste cemiterio público municipal, que hai 217 parcelas con título de propiedade que hai que ceder ós veciños, sendo estes propiedade única e exclusivamente dos seus titulares, e non municipais. A tal efecto este regulamento se remite ós documentos que constan no expediente de contratación administrativa.””

**TERCEIRO:** corrixir o artigo 7 en canto ó horario para a conducción de cadáveres que se amplía nunha hora nos dous horarios establecidos. Así o artigo 7 do regulamento queda redactado definitivamente do seguinte xeito:

“”Artigo 7

O horario de apertura e peche dos cemiterios municipais, será:

Dende o 1 de abril ao 30 de setembro, ámbolos dous inclusive, das 08:30 ás 21 horas.

Dende o 1 de outubro ao 31 de marzo, ámbolos dous inclusive, das 9:00 ás 20 horas.

As horas para a conducción de cadáveres, serán pola mañá de 9:00 a 13:00 horas durante todo o ano, e pola tarde de 16:00 a 20:00 horas durante os meses de abril a setembro, e de 16:00 a 18:00 horas durante os meses de outubro a marzo.””.

**CUARTO:** engadir ó primeiro parágrafo do artigo 16 a expresión “non sendo de aplicación ós titulares privados de Dorrón, que se rexerán polo convenio suscrito entre a Asociación de Veciños “San Juan de Dorrón” e o Concello de Sanxenxo”. Deste xeito este primeiro parágrafo deste artigo 16, na súa totalidade, queda redactado definitivamente do seguinte xeito:

“”Artigo 16

O dereito funerario sobre o uso con carácter privativo de panteóns, nichos, sepulturas e, en xeral, parcelas de terra, nace co acto da concesión e o pagamento do canon esixido no acordo de outorgamento da concesión non sendo de aplicación ós titulares privados de Dorrón, que se rexerán polo convenio suscrito entre a Asociación de Veciños “San Juan de Dorrón” e o Concello de Sanxenxo””.

Permanece inalterables os restantes parágrafos deste artigo 16.

**QUINTO:** aprobar definitivamente o texto do regulamento dos cemiterios municipais de Sanxenxo e Dorrón que é o aprobado inicialmente polo pleno o día 29 de xaneiro de 2008 coas modificacións dos artigos 3, 7 e 16 antes reflectidas, dándose cumprimento ó establecido no artigo 49.c) la Lei 7/85.

**SEXTO:** ordenar a publicación do texto íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia ós efectos do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 para a súa entrada en vigor.-----





**CUARTO:** remitir certificación deste acordo ás oficinas da Mancomunidade do Salnés en Cambados ós efectos oportunos.-----

**145: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN Ó PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DO SALNÉS E INCORPORACIÓN Á ASOCIACIÓN IMPULSORA DE DITO PACTO.** Polo Sr. secretario dáse lectura ó ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“4º) **PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DO SALNÉS** : Previa declaración de urxencia do devandito asunto; a Sra. Presidenta adianta que desexa someter a ditame da Comisión unha proposta que se esta a redactar nestes intre na Secretaría Municipal, co obxecto de ser tratada no próximo Pleno referente ó Pacto Territorial de Emprego do Salnés.

Incorporase á Comisión o Secretario Acctal. do Concello que da conta do respectivo expediente e dos termos en que se redacta tal proposta, seguinte :

“”””**PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DO SALNÉS**

A Consellería de Traballo está a desenvolver os pactos territoriais de emprego de Galicia, logo de establecerse un acordo a catro bandas, entre a propia Consellería, os Concellos, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e as Organizacións Sindicais Galegas máis representativas.

Estes pactos teñen os seguintes obxectivos:

- Fomentar o espírito empresarial e a mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios.
- Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres.
- Aumentar o mellorar o capital humano.
- Promover a cooperación tranacional e interrexional.

Nun principio a Consellería de Traballo realizou a proposta de distribución xeográfica destes pactos territoriais de emprego, e así no do Salnés estaban incluídos once concellos (Cambados, Catoira, O Grove, Meaño, Meis, Pontecesures, Ribadumia, Valga, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e a Illa de Arousa).

Con data 29/01/08 o Concello de Sanxenxo, a través dun escrito da alcaldesa, solicitou ser incluído neste pacto territorial do Salnés xa que, polas súas características, está vinculado a dita comarca dende sempre e, de feito, era o único municipio que quedaba fóra deste pacto.

A solicitude foi atendida pola Consellería de Traballo e así na Disposición adicional segunda no Decreto 98/2008, do 15 de maio, de dita consellería, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego como órganos colexiados de carácter administrativo adscritos ao departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de emprego, aparece o Pacto territorial de Emprego do Salnés que está integrado polos concellos de Cambados, Catoira, O Grove, Meaño, Meis, Pontecesures, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e a Illa de Arousa.

Analizado o Decreto 98/2008, os estatutos da asociación de impulso do Pacto Territorial de Emprego do Salnés, e co fin de defender os intereses municipais, proponse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**-Solicitar á Conselleiro de Traballo da Xunta de Galicia, a adhesión do Concello de Sanxenxo o Pacto Territorial de Emprego do Salnés, segundo se reflicte no apartado 2º do artigo 4º do Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego.

**SEGUNDO.**-Nomear como vogal na asemblea xeral do Pacto Territorial do Emprego do Salnés, en representación do Concello de Sanxenxo á alcaldesa, Dª Catalina González Bea, cumprindo co reflectido no apartado 1.c) do artigo 5º do referido Decreto 98/2008.

**TERCEIRO.**-Incorporar ao Concello de Sanxenxo á “Asociación impulsora do Pacto Territorial de Emprego do Salnés”.

**CUARTO.**-Aprobar os estatutos da “Asociación impulsora do Pacto Territorial de Emprego do Salnés”.

QUINTO.-Designar á alcaldesa, D. Catalina González Bea, como representante do Concello de Sanxenxo na asociación impulsora do pacto e a o 2º tenente de alcalde, D. Salvador Durán Bermúdez, coma suplente en caso de non poder asistir o titular.

SEXTO.-Remitir certificación da presente á Dirección Xeral de Formación e Colocación e á Asociación impulsora do Pacto Territorial de Emprego do Salnés en Vilagarcía de Arousa””.

Aberto o debate, pola **Sra. Alcaldesa** se incide no xa exposto no texto da proposición sobre os antecedentes do inicial acordo da Consellería de Traballo, no que se excluía o Concello de Sanxenxo do Pacto Territorial de Emprego do Salnés, que motivou escrito da propia Alcaldía de 29 de Xaneiro de 2008 solicitando ser incluído neste pacto territorial xa que, o noso Concello, polas súas características, está vinculado a dita comarca dende sempre e, de feito, era o único Municipio que quedaba fora deste pacto. Atendida a solicitude, tal como consta no Decreto 998/20085 do 15 de Maio, e interesante para Sanxenxo súa inclusión no citado pacto territorial.

Se formulan preguntas sobre a conveniencia e importancia de non quedar excluídos dun pacto de emprego que pode ser positivo para a cidadanía municipal, así como a formula de prestar aprobación a uns Estatutos nos que previamente os concellos afectados non tiveron oportunidade de participar na súa redacción, tendo que aceptar o que se impón de forma unilateral pola Consellería.

Sometida a Proposta da Alcaldía – Presidencia a votación, a mesma e ditaminada favorablemente por unanimidade dos presentes.

Consecuentemente a Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, por unanimidade, acorda propoñer á Corporación Municipal en Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO** : Solicitar á Conselleiro de Traballo da Xunta de Galicia, a adhesión do Concello de Sanxenxo o Pacto Territorial de emprego do Salnés, segundo se reflicte no apartado 2º do artigo 4º do Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego.

**SEGUNDO** : Nomear como vogal na asemblea xeral do Pacto Territorial do Emprego do Salnés, en representación do **Concello de Sanxenxo** á Alcaldesa, **Dª CATALINA GONZÁLEZ BEA**, cumprindo co reflectido no apartado 1.c) do artigo 5º do referido Decreto 98/2008.

**TERCEIRO** : Incorporar ao Concello de Sanxenxo á “**Asociación Impulsora do Pacto Territorial de Emprego do Salnés**”.

**CUARTO** :Aprobar os estatutos da “**Asociación Impulsora do Pacto Territorial de Emprego do Salnés**”.

**QUINTO** : Designar á Alcaldesa, **Dª. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, como representante do **Concello de Sanxenxo** na asociación impulsora do pacto e a o Segundo Tenente de Alcalde, **D. Salvador Durán Bermúdez**, coma suplente en caso de non poder asistir o titular.

**SEXTO** : Remitir certificación da presente á Dirección Xeral de Formación e Colocación e á Asociación Impulsora do Pacto Territorial de Emprego do Salnés en Vilagarcía de Arousa.””

Non se produce debate e a presidencia somete a votación o contido do ditame que foi aprobado por unanimidade, e en consecuencia a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** solicitar á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, a adhesión do Concello de Sanxenxo o Pacto Territorial de emprego do Salnés, segundo se reflicte no apartado 2º do artigo 4º do Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego.

**SEGUNDO:** nomear como vogal na asemblea xeral do Pacto Territorial do Emprego do Salnés, en representación do **Concello de Sanxenxo** á Alcaldesa, **Dª CATALINA GONZÁLEZ BEA**, cumprindo co reflectido no apartado 1.c) do artigo 5º do referido Decreto 98/2008.

**TERCEIRO:** incorporar ao Concello de Sanxenxo á “Asociación Impulsora do Pacto Territorial de Emprego do Salnés”.

**CUARTO:** aprobar os estatutos da “Asociación Impulsora do Pacto Territorial de Emprego do Salnés”.

**QUINTO:** designar á alcaldesa, **D<sup>a</sup> CATALINA GONZÁLEZ BEA**, como representante do **Concello de Sanxenxo** na asociación impulsora do pacto e ao segundo tenente de alcalde, **D. Salvador Durán Bermúdez**, coma suplente en caso de non poder asistir o titular.

**SEXTO:** remitir certificación da presente á Dirección Xeral de Formación e Colocación e á Asociación Impulsora do Pacto Territorial de Emprego do Salnés en Vilagarcía de Arousa.-----

**146: PROPOSTA DA PRESIDENCIA PARA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MEMORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA SOCIEDADE MERCANTIL DE ECONOMÍA MIXTA PARA A PROMOCIÓN TURISMO EN SANXENXO, QUE SE DENOMINARÁ “TURISMO SANXENXO, S.L.”.** Polo Sr. secretario dáse lectura ó ditame da Comisión Especial de Estudo para o exercicio da actividade económica de Promoción do Turismo, mediante xestión indirecta, a través da figura da sociedade mixta que literalmente di:

**“2.- Proposta da Presidencia para a aprobación definitiva da Memoria para a constitución dunha sociedade mercantil de economía mixta para a Promoción do Turismo en Sanxenxo, que se denominará “TURISMO SANXENXO, S.L.”:**

Pola Sra. Presidenta se da lectura a súa proposta datada o día 19 de Maio actual, do tenor literal seguinte :

**“ROPOSTA DA ALCALDÍA – PRESIDENCIA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA SOCIEDADE MERCANTIL DE CAPITAL MIXTO PARA A PROMOCIÓN DO TURISMO DENOMINADA “TURISMO SANXENXO, S.L.”**

O Pleno Municipal en sesión celebrada o día 29 de Xaneiro actual, acordou prestar Aprobación Inicial á MEMORIA redactada pola Comisión Especial designada ó efecto, que contén os aspectos social, xurídico, técnico e económico – financeiro para a constitución duna sociedade mercantil de economía mixta para a promoción do turismo en Sanxenxo, que se denominará “TURISMO SANXENXO, S.L.”, participada, ó momento da súa constitución polo Concello de Sanxenxo e o Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo.

O edicto de tal acordo se insertou a efectos de alegacións, no Boletín Oficial da provincia nº. 49 do luns 10 de marzo de 2008.

Pasado o prazo regulamentario, non se presentou ningunha alegación, segundo consta da certificación expedida pola Secretaría Municipal.

Polo exposto procede :

1º.- Que a Comisión Informativa Especial de Estudo, propoña ó Pleno Municipal a APROBACIÓN DEFINITIVA da constitución da sociedade mercantil en base a Memoria elaborada ó efecto e aprobada inicialmente por acordo do propio Pleno Municipal en 29.01.08.

2º.- Disolución da Comisión Especial Informativa creada ó efecto por acordo do Pleno Municipal de 30 de Xullo de 2007, por extinción dos cometidos asignados.

SANXENXO, 19 de Maio de 2008.-A ALCALDESA – PRESIDENTA.-Catalina González Bea.”

Sen máis intervencións que as meramente informativas da Sra.. Alcaldesa sobre o funcionamento das relacións institucionais en promoción turística, somete a proposta a votación que é APROBADA por UNANIMIDADE, e consecuentemente a Comisión Especial de Estudo para o Exercicio da Actividade Económica de Promoción do Turismo mediante Xestión Indirecta, a través da figura de Sociedade Mixta, propón ó Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1.- Aprobación Definitiva da constitución da sociedade mercantil en base a Memoria elaborada ó efecto e aprobada inicialmente por acordo do propio Pleno Municipal en 29 de Xaneiro de 2008.

2.- Disolución da Comisión Especial Informativa creada ó efecto por acordo do Pleno Municipal de 30 de Xullo de 2007, por extinción dos cometidos asignados””.

Non se produce debate e a presidencia somete a votación o contido do ditame que foi aprobado por unanimidade, e en consecuencia a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO: aprobar definitivamente a constitución da sociedade mercantil** en base a memoria elaborada ó efecto e aprobada inicialmente por acordo do propio Pleno Municipal en 29 de xaneiro de 2008.

**SEGUNDO:** disolución da Comisión Especial Informativa creada ó efecto por acordo do Pleno Municipal de 30 de Xullo de 2007, por extinción dos cometidos asignados.-----

**147: EXPTE. Nº U-705/07 DE “PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA, S.L.” APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES NA AVDA. LUIS ROCAFORT - SANXENXO.** Polo Sr. secretario dáse lectura ó ditame da Comisión Informativa de Urbanismo que literalmente di:

“”2º) EXPTE. Nº U-705/07 DE “PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S,L.”. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES NA AVDA. LUIS ROCAFORT-SANXENXO. Dáse conta do expediente ós asistentes, así como da **proposta do xerente municipal de urbanismo de 3 de marzo** do actual que literalmente di:

“”Rafael Vázquez Abal, Xerente de Urbanismo da Xerencia Municipal do Concello de Sanxenxo, por Resolución da Sra. Alcaldesa-Presidenta de data de 15 de xaneiro de 2007.

Á vista de:

\*“ESTUDIO DE DETALLE”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 18/09/2007.

\*Informe do Arquitecto Municipal de data 18/10/2007.

\*Informe emitido pola Secretaría Xeral en data 22/10/2007.

\*Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 08/11/2007, prestando APROBACIÓN INICIAL ó Estudio de Detalle.

\*Trámite de Información pública, mediante anuncios inseridos na Voz de Galicia de 06/12/2007, no B.O.P. Nº 240 de 13/12/2007 e no D.O.G. Nº 239 de 12/12/2007.

\*Certificación da Secretaría Xeral de data 18/02/2008, acreditativa da NON presentación de alegación algunha como resultado do trámite de información pública.

\*Informe do interventor xeral, fiscalizando o expediente de data do 27/02/2008

\*Informe da asesora xurídica de data do 29/02/2008

Considerando que ao abeiro do establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, nos termos da modificación pola Lei 15/2004, apartado 1, letra a), ao solo urbano dos municipios con Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado á Lei 1/1997, do Solo de Galicia, aplicaráselle o disposto nesa Lei para o solo urbano, sen prexuízo de respecta-la ordenación establecida no planeamento en vigor.

Considerando que ó abeiro do disposto no artigo 29.1.g) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Xerente atópase a propoñe-la aprobación dos instrumentos de planeamento de desenrolo e de xestión urbanística.

E que ó abeiro do disposto no artigo 21.1.b) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Consello da Xerencia, atópase a de elevar ó Pleno do Concello proposta de resolución respecto da aprobación definitiva dos instrumentos de ordenación urbanística.

En consecuencia, e á vista de todo o anteriormente exposto,

#### **PROPONSE Ó CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO:**

1º.- Propoñer ó Pleno do Concello proceder á **APROBACIÓN DEFINITIVA do estudio de detalle para ordenación de volumes na AVDA DE LUIS ROCAFORT, da vila de Sanxenxo**, tramitado a instancia da mercantil PROMOCIONES VIGUESAS “ LA MONTINA” ao abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

2º.- Ao abeiro do disposto no artigo 92.2) desa mesma Lei, o acordo de aprobación definitiva haberá de publicarse, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia; e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no B.O.P.

3º.- Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da Secretaría Xeral de aprobación definitiva.”

Non se produce debate e a **presidencia** somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Mixto e Sra. presidenta).**

**Abstencións: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).**

En consecuencia a **Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo**, por maioría acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** aprobar definitivamente o “ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES NA AVDA. LUIS ROCAFORT-SANXENXO”, tramitado a instancia da mercantil “PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA, S.L.”, segundo documentación técnica presentada, redactada polo arquitecto D. José-Antonio Sueiro Sueiro, con visado colexial de 18 de setembro de 2007.

**SEGUNDO:** publicar este acordo no “Diario Oficial de Galicia” e no “Boletín Oficial da Provincia”, debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste estudo de detalle; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

**TERCEIRO:** nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaria xeral de aprobación definitiva.

**CUARTO:** levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que sempre vota a favor nestes temas urbanísticos, sobre todo nos estudos de detalle, cando constan informes favorables técnicos e xurídicos de cumprimento da legalidade.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que o seu grupo se ía abster como o fixo na comisión informativa.

Sometido o ditame a votación acadouse o seguinte resultado:

**Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

**Abstencións: 7 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, por maioría, a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** aprobar definitivamente o "ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES NA AVDA. LUIS ROCAFORT-SANXENXO", tramitado a instancia da mercantil "PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA, S.L.", segundo documentación técnica presentada, redactada polo arquitecto D. José-Antonio Sueiro Sueiro, con visado colexial de 18 de setembro de 2007.

**SEGUNDO:** publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste estudo de detalle; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

**TERCEIRO:** nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

**CUARTO:** levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.-----

**148: EXPTE. Nº U-526/07 DE "CONNOSA, S.L." APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN VICHONA-ADINA.** Polo Sr. secretario dáse lectura ó ditame da Comisión Informativa de Urbanismo que literalmente di:

**"3º) EXPTE. Nº U-526/07 DE "CONNOSA, S.L." APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN VICHONA-ADINA.** Dáse conta do expediente ós asistentes, así como da proposta do xerente municipal de urbanismo de 25 de abril do actual que literalmente di:

"Rafael Vázquez Abal, Xerente de Urbanismo da Xerencia Municipal do Concello de Sanxenxo, por Resolución da Sra. Alcaldesa-Presidenta de data de 15 de xaneiro de 2007.

Á vista de:

\*Acordo da Xunta de Goberno Local de data do 17/01/2008, aprobando inicialmente o estudio de detalle, para ordenación de volúmenes nun solar sito no lugar de a Vichona – Adina.

\*Trámite de Información pública, mediante anuncio inserido na Voz de Galicia o día 31/01/2008; no B.O.P. Nº 30 o día 12/02/2008, e no Diario Oficial de Galicia o día 07/02/2008 presentándose no devandito período de exposición pública, unha alegación por D. Ramiro Otero Fernández, sendo a mesma contestada polos servizos técnicos da Xerencia.

\*Certificación da Secretaría Xeral de data 21/04/2008, acreditativa da presentación dunha alegación por D. Ramiro Otero Fernández, o día 25/02/2008 e con rexistro de entrada nº 715 .

\*Informe do Arquitecto Municipal de data 18/04/2008.

\*Informe da asesora xurídica de data do 21/04/2008.

\*Informe do interventor xeral, fiscalizando o expediente de data do 25/04/2008

En relación co asunto de referencia, e examinado o seu contido e a súa adecuación ó P.X.O.M. vixente, á Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, cas modificacións derivadas da Lei 15/2004, e a demais normativa técnica e urbanística que lle é de aplicación e informes emitidos; ó abeiro do disposto no artigo 23, en relación co artigo 29. dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo

Eleva o expediente ante o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, para o seu coñecemento e toma de consideración.

Ó abeiro do disposto no artigo 29.1.e) dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, eleva á **PRESIDENCIA PROPOSTA FAVORABLE PARA QUE POLO PLENO SE PROCEDA A APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMENES DUN SOLAR, no lugar de VICHONA - ADINA, así mesmo publicárase no Boletín Oficial da Provincia e notificárase o tódolos interesados.**”

Visto o **informe do arquitecto municipal**, do 18 de abril, que literalmente di:

“Visto o expediente de referencia, e a alegación presentada, SE INFORMA:

01.O estudo de detalle referenciado foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 17 de xaneiro de 2008.

02.Durante o período de exposición pública se presentou unha única alegación cuxo contido se analiza no punto seguinte:

0.2.1.ALEGACIÓN PRESENTADA POR D. RAMIRO OTERO FERNÁNDEZ (registro de entrada da Xerencia Municipal de Urbanismo nº 715, de 25 de febreiro de 2008)

*O alegante indica que é propietario de terreos dentro do ámbito do estudio de detalle. Por outra parte, relata un listado de xurisprudencia co cal, entende o informante, pretende delimitar as competencias da figura urbanística do estudio de detalle.*

En relación á primeira das cuestións, relativas á propiedade dos terreos obxecto do estudio de detalle, o alegante aporta certificación catastral dunha parcela a nome de D. Ramiro Fernández Otero (polígono 5, parcela 155), dúas fichas catastrais da OVC, e dous planos, un deles co nome do arquitecto D. Jaime Camiña Estévez e no que se indica como propietario dos terreos ó Grupo Inferga S.L., e outro plano sen autor identificado no que se debuxan dúas edificacións.

Comprobados os planos contidos no estudio de detalle, os planos catastrais vixentes e comparados cos planos aportados polo alegante, pódese constatar que as parcelas obxecto do estudio de detalle e as parcelas das que o alegante di ser propietario están na mesma zona, pero entre unha e outras existe unha separación de máis de 75 metros, non afectando, en consecuencia, o estudio de detalle aprobado ás parcelas presentadas polo alegante.

En relación ás competencias da figura urbanística do estudio de detalle, e tal como se dixo no informe emitido polo técnico que subscribe con data 4 de decembro de 2007, o estudio de detalle presentado propón unha ordenación dos volumes edificables de acordo cos parámetros establecidos pola ordenanza de aplicación, non afectando en ningún caso a espazos libres públicos, nin modificando o sistema viario existente, nin aumentando a edificabilidade ou intensidade edificatoria da parcela obxecto do estudio de detalle, non incumprindo ningún dos parámetros previstos no artigo 73.2 da Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (Lei 9/02), e de acordo cos preceptos marcados nos artigos 65 e 66 do Real Decreto 2159/1978, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenrolo e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.

01.Á vista do indicado no punto anterior, e en relación ás competencias do técnico que subscribe, compre aprobar definitivamente o estudio de detalle.

Sinalar, asemade, que previa a tramitación de licenza de construción, se é o caso, deberán tramitarse e aprobarse os correspondentes proxectos de acondicionamento do espazo libre de acceso e de parcelación das fincas ordenadas polo estudio de detalle. “

Visto o **informe da asesoría xurídica**, do 21 de abril, que literalmente di:

“Na data do 17 de xaneiro de 2008, por acordo da Xunta de Goberno Local procedeuse a prestar aprobación inicial ó estudio de detalle para ordenación de volumes en solar sito Vichona- Adina, en Sanxenxo.

O mentado proxecto expuxose a exposición pública mediante anuncio publicado na “Voz de Galicia” do día 31 de xaneiro de 2008, no Boletín Oficial da Provincia do día 12 de febreiro de 2008 e no Diario Oficial de Galicia do día 7

de febreiro de 2008, durante o devandito período de exposición pública – segundo se desprende da certificación emitida polo Secretario accidental na data do 21 de abril de 2008- presentouse un escrito de alegación:

1.D. RAMIRO OTERO FERNANDEZ, na data do 25 de febreiro de 2008 – rexistro de entrada na Xerencia Municipal de Urbanismo nº 715.

Na alegación presentada polo interesado instabase a imposibilidade de aprobación definitiva do Estudio de Detalle toda vez que o mesmo incluía unha parcela propiedade do interesado, aportando certificación catastral das fincas- números 155 e 1486 do polígono 5-. Resulta evidente que polo interesado se presentaron os certificados catastrais de dúas fincas que nada teñen que ver co lugar de emprazamento obxecto deste expediente, aínda que sí consta outra parcela- co número catastral nº 169- que sí e colindante coas fincas obxecto do estudo de detalle.

En todo caso, e unha vez remitida copia da alegación presentada polo Sr. Otero Fernández á mercantil, pola mesma procedeuse a presentar escrito de contestación a alegación presentada xunto coa escritura de propiedade da finca obxecto do estudo de detalle, onde aparece a superficie total do ámbito que conta con 2.619,13m<sup>2</sup>.

Polo exposto, cumpre desestimar as alegacións presentadas por canto o alegante resulta colindante no expediente de referencia, e o estudo de detalle, tal e como sinala o técnico municipal, se axusta a normativa urbanística de aplicación.

Finalmente cumpre suliñar que no mentado período de exposición pública, non se remitiu o expediente a ningún organismo sectorial, o non estar afectado por ningunha competencia sectorial.

Polo exposto, procede que polo órgano municipal competente- Concello Pleno- se proceda a aprobación definitiva do estudo de detalle, e tras a súa aprobación deberá publicarse segundo se dispón no artigo 92 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.””

Non se produce debate e a **presidencia** somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Mixto e Sra. presidenta).**  
**Abstencións: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).**

En consecuencia a **Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo**, por maioría acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** aprobar definitivamente o "ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN VICHONA-ADINA", tramitado a instancia da mercantil "CONNOSA, S.L.", segundo documentación técnica presentada, redactada polo arquitecto D. José-Antonio Sueiro Sueiro, con visado colexial de 08 de xuño de 2007 e documentación complementaria (Planos A.03 e A.04) visada con data 19 de novembro de 2007.

**SEGUNDO:** desestimar a alegación presentada por **D. Ramiro Otero Fernández**, de conformidade cos informes técnicos antes transcritos.

**TERCEIRO:** publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste estudo de detalle; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

**CUARTO:** nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

**QUINTO:** levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.””

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Mixto**, reiterou o afirmado no punto anterior, manifestando que, aínda que houbo alegacións na tramitación deste estudo de detalle, os informes que constan no expediente xustifican a desestimación das alegacións. Anunciou así o seu voto favorable.

Sometido o ditame a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 7 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, por maioría, a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** aprobar definitivamente o "ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN VICHONA-ADINA", tramitado a instancia da mercantil "CONNOSA, S.L.", segundo documentación técnica presentada, redactada polo arquitecto D. José-Antonio Sueiro Sueiro, con visado colexial de 08 de xuño de 2007 e documentación complementaria (Planos A.03 e A.04) visada con data 19 de novembro de 2007.

**SEGUNDO:** desestimar a alegación presentada por D. Ramiro Otero Fernández, de conformidade cos informes técnicos antes transcritos.

**TERCEIRO:** publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste estudo de detalle; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

**CUARTO:** nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

**QUINTO:** levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.-----

Seguidamente e, antes de pasar ó punto referido a rogos e preguntas, procedeuse a trata-las seguintes

## **MOCIÓNS**

**149: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PROPOÑENDO SE FELICITE Á XUNTA DE GALICIA POLA APROBACIÓN DO DECRETO POLO QUE SE REGULA A ACTIVIDADE DOS FURANCHOS (R. DE ENTRADA NÚM. 3169 do 12/05/08).** Polo Sr. secretario dáse lectura á moción que literalmente di:

“José L. Rodríguez Lorenzo, representante del partido político **VIPS ( Vecinos Independentes Por Sanxenxo)** en la Corporación de Sanxenxo manifiesta:

Dentro de unos días se cumplirá un año desde que en este ayuntamiento se aprobó una Moción en la que se acordó: **“Solicitar del Parlamento de Galicia que consideren la urgente necesidad de aprobar una norma para que los furanchos (figura medieval de una economía autosuficiente) se**

***sometan a las normas que se les exige a la restauración reglada por suponer una competencia desleal que daña la economía de muchos industriales y las arcas fiscales que son de todos”.***

Recientemente, a propuesta de la Dirección Xeral de Turismo de la Consellería de Innovación e Industria de la Xunta de Galicia, se aprobó un decreto, largamente demandado por los industriales de hostelería, por el que se regula los conocidos como furanchos, actividad no reglada que causaba una competencia desleal con los bares, cafeterías y restaurantes en general, y con la ciudadanía en particular al no someterse su actividad a ningún tipo de control y calidad ni contribuir fiscalmente al mantenimiento de las cargas que soportan todas las actividades en el país.

El someter a estos establecimientos, con sus características peculiares, a las mismas obligaciones que soporta la restauración (fiscal, laboral, sanitaria), es un principio de justicia con todos los bares, cafeterías y restaurantes que estaban soportando una competencia desleal; de solidaridad y justicia con la sociedad en la que viven y desempeñan sus actividades, al tener que contribuir, como cualquier industrial, al mantenimiento de las necesidades comunes en función de sus ingresos y de garantía para los consumidores, al estar controlados sanitariamente, apoyando con ello la línea seguida por la citada Consellería, dentro del plan del Gobierno de nuestra Comunidad para mejorar la imagen de Galicia.

Sabemos de propietarios que estarán molestos; pero todos conocemos que no hay Estado sin impuestos y sin Estado no hay libertad, ni la posibilidad de que la sociedad socorra a aquellas personas que necesitan protección de la comunidad; por lo tanto sin impuestos no hay sanidad, educación, carreteras, etc.

Como desde esta corporación, entre todos algo hemos empujado, tratando de que una regulación se llevase a cabo, es por lo que sometemos, a la consideración de la Corporación, la siguiente **MOCIÓN:**

Felicitar a la Xunta de Galicia por la aprobación del Decreto propuesto por la Dirección Xeral de Turismo, dependiente de la Consellería de Innovación e Industria, por el que se regula la actividad de los furanchos.””

**O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que pouco se poderá falar da urxencia da moción, pois esta cuestión dos “furanchos” xa é coñecida por todos. Indicou que o importante agora era saber se a moción era apoiada ou non. Engadiu, que regular os “furanchos” era moi necesario e que dende o concello “algo empurramos”, e así hai que agradecer que se nos escoite. Rematou dicindo que sempre é de agradecer o entendemento das administracións.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o seu grupo non ía apoiar a moción, porque as administracións teñen a obriga de resolver os problemas e, por iso, non hai que felicitar a ninguén. Lembrou que este problema debía de estar resolto hai tempo. Rematou dicindo que, ademais, é precipitado transmitir parabéns sen coñecer con seguridade se a normativa vai dar bos resultados na práctica.

**O Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que a alcaldesa xa “rehusaba” o debate da urxencia, e entraba directamente no fondo da moción, polo que non tiña interese en rebatir nada.

Sometida a urxencia a votación acadouse o seguinte resultado:

**Votos a favor: oito (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: nove (Grupo Municipal do PP).**

En consecuencia, non se debateu a moción.-----

**150: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA QUE SE ELABORE UN REGULAMENTO ESPECIAL DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE SANXENXO** (R. DE ENTRADA NÚM. 3170 do 12/05/08). Polo **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, dáse lectura á moción que literalmente di:

“D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO.

**EXPÓN:**

Anualmente o Concello de Sanxenxo outorga, no seu nome ou no de algunha comisión de festas, distincións a persoeiros sen que, dun xeito oficial, se dean a coñecer os méritos acadados polos galardoados.

Pola experiencia de anos pasados, estes distintivos de honra estanse a conceder só a vecinos ou veciñas das vilas de Sanxenxo e Portonovo, sen que os habitantes do resto das parroquias, lembremos que o concello de Sanxenxo conta con sete, teñan posibilidade algunha de ser galardoados.

Non dubidamos que aos que se lle concedeu o mérito sexan merecedores del, mais estamos certos que hai vecinos e veciñas, de todo o territorio do noso concello, que teñen méritos dabondo para que lle sexa concedido un distintivo de honra.

Por outra banda, o grupo municipal do BNG, considera que calquera distinción, sobre todo si supón un desembolso para as arcas publicas, debería contar cun amplo consenso de toda a corporación ou cando menos, dos seus representantes na Corporación Municipal.

Este consenso suporía democratizar a concesión de calquera distintivo de honra, evitar suspicacias ou malas interpretacións e un maior recoñecemento para os galardoados.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita que o Pleno da Corporación adopte o seguinte **ACORDO:**

- Que se elabore un Regulamento Especial de Honras e Distincións do Concello de Sanxenxo, no que se defina o tipo de distinción a outorgar (fillo adoptivo, fillo predilecto, visitante distinguido, medallas de ouro, etc.), os méritos que deben acadar para ser merecedores e a composición do xurado que dictamine a concesión.”

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que estábanse a conceder premios (raias de ouro e cebolas de ouro) cando non había regulamento algún de honras e distincións. Engadiu que a inmensa maioría dos concellos tiñan aprobados estes regulamentos para a concesión de premios ou para os nomeamentos de fillos adoptivos. Indicou que a principal vantaxe destes textos é que coa creación dunha comisión ou foro para decidir as distincións, eliminábanse as suspicacias, primaba o consenso e se lle daba un maior realce tanto ós premios coma ós premiados.

Sometida a urxencia a votación, foi aprobada por unanimidade de toda a corporación.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que o BNG tiña razón, lembrando que se comenzara a redactar un regulamento en 1996. Engadiu que, de tódolos xeitos, non quedaba garantida a obxectividade do texto, pois como ocorre nos plenos, a comisión encargada de outorgar as distincións ía ter maioría de compoñentes do grupo de

gobierno, e así poderíanse recoñecer a persoas ou asociacións afíns a cor da maioría gobernante. Rematou dicindo que ía apoiar a moción polo desexo de consenso que transmite.

Logo de que a **Sra. alcaldesa** manifestara que o regulamento xa existe e de que a **Sra. Aguiñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestara que estaba de acordo coa moción, o **Sr. Fernández Lores** indicou que quería facer dúas puntualizacións. En primeiro lugar, quixo expresar a súa estrañeza pola existencia do regulamento porque sempre se lle dixo, por parte do alcalde anterior, que non existía tal normativa, solicitando copia do texto e dicindo que de saber iso, a moción non sería presentada nos mesmos termos. En segundo lugar, aclarou que o BNG non pedía que se constituíra unha comisión, senón que houbera unha normativa que fixe uns méritos que estean claros para evitar discusións. Engadiu que se os merecementos están previstos nos artigos do regulamento, eliminaríanse as suspicacias xa que cun texto ben redactado non hai problemas nin coas maiorías absolutas, relativas, cos bipartidismos e “santas pascoas”.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o regulamento foi aprobado o 24/04/98 e ofreceu copias ós concelleiros/as. Lembrou que hai uns anos non foi posible chegar a un acordo para nomear fillo adoptivo a un crego da localidade xa que, aínda que o PP tiña a posibilidade de facelo, estes galardóns deben concederse por unanimidade. Defendeu os méritos do sacerdote, e criticou a negativa do BNG ó nomeamento porque non “comulgaba” coa decisión. Engadiu que ademais dos galardóns de fillo adoptivo ou predilecto, os premios da raia ou da cebola de ouro os deciden as comisións organizadoras destes eventos, que valora ós veciños do municipio ou a outras persoas de fóra para prestixiar estas celebracións. Rematou dicindo que, aínda que xa existía o regulamento dende 1998 este podía revisarse atendendo ás suxestións.

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que non quería mencionar nomes no pleno pero que na decisión do BNG que fixo referencia a Sra. alcaldesa, nada tivo que ver que unha persoa fose ou non fose crego. Engadiu que no BNG había xente relixiosa e que incluso el ten “cantado algunha misa” na igrexa, formando parte dalgún coro, e que o grupo de goberno coñece perfectamente as razóns que motivaron a decisión dos nacionalistas. Tamén fixo referencia a que nas festas da raia ou da cebola sempre foi premiada xente de Portonovo ou de Sanxenxo e por iso mostrouse partidario de crear outros premios e distincións, “aínda que en Noalla se recolle algunha que outra cebola”.

A **Sra. alcaldesa** insistiu en que hai un regulamento, aclarando ademais que na festas da raia ou da cebola se concedan premios a persoas ou entidades que destacan pola promoción turística ou empresarial do municipio. Lembrou que foi bochornosa a comisión que tratou sobre a concesión do título ó crego de Sanxenxo e rexeitou os orzamentos esgrimidos polo BNG, pois unha persoa de 90 anos tivo que vivir, claro, a guerra civil española. Rematou dicindo que o seu grupo trataría no futuro de que o crego fora premiado.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que coñecía ben o regulamento, pero que vai a votar a favor da moción.

Sometida a moción a votación acadou o seguinte resultado:

**Votos a favor: oito (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en contra: nove (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia, a moción non foi aprobada.-----

**151: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN APOIO Ó SECTOR PESQUEIRO GALEGO (R. DE ENTRADA NÚM. 3679 do 23/05/08). Polo Sr. secretario dáse lectura á moción que literalmente di:**

**“”MOCIÓN EN APOIO DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO**

Que se fundamenta na **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS** que se detalla de seguido:

Un dos aspectos que maior desequilibrio pode provocar na conta de resultados dunha empresa, dun autónomo, ou na economía dun profesional, é que determinados gastos fixos, como pode ser o combustible, sufran unha variación substancial que faga do traballo diario unha actividade pouco rendible ou, incluso, desvantaxosa. Desta situación non son alleos os profesionais que integran o sector pesqueiro galego, que están a ver como, nos últimos meses, o prezo do combustible utilizado polas embarcacións non só está a sufrir un exponencial crecemento, senón que, incluso chegou a incrementarse nun 127% desde o 2005, e máis dun 38% nos últimos seis meses.

Este nivel de gastos é por definición inasumible a longo prazo e, en consecuencia, provoca unha situación insostible para moitas empresas, mariñeiros e armadores que, como única solución inmediata prevén o amarre das súas embarcacións, moitas das que permanecen paradas en porto.

Ante esta crúa realidade, o lóxico sería contar co auxilio das distintas administracións que, como a Xunta de Galicia ou o Goberno central, non só teñen medios máis que suficientes para articular mecanismos de axuda ao sector pesqueiro senón que, a maiores, dispoñen dos resortes axeitados para promover un control máis exhaustivo dos actuais prezos.

Nin desde Madrid, nin desde Santiago, se poden conformar afirmando que se trata dunha situación conxuntural, ou escusándose pola súa insolvencia para pór fin a unha inflación descontrolada, que ata chega a afectar aos produtos máis básicos. Tanto o Goberno galego como o central deben abandonar a súa actual posición de desinterese para traballar en favor do sector pesqueiro, isto é, para contribuír eficazmente a superar a actual crise.

Á vista dos acontecementos, está claro que os nosos gobernantes non souberon defender satisfactoriamente ao sector pesqueiro galego. Non o souberon facer cando articulan mecanismos como os “minimis” que son axudas que chegan tarde, xestiónanse tarde e ingrésanse aínda máis tarde; axudas que ademais, pechan a porta de forma expresa ao acceso a outro tipo de subvencións durante un período de tres anos, un prazo de tempo claramente excesivo a xuízo da evolución actual nos prezos. Tampouco acertan os nosos gobernantes cando negan, sen deixar o menor espazo para reconsiderar a súa postura e facer unha sosegada análise, a posibilidade de establecer un tope máximo ao gasóleo utilizado polos profesionais da pesca, cando desprezan outro tipo de subvencións destinadas ao control dos prezos -como poden ser ata a rebaixa da carga fiscal do gasóleo ou a creación dun combustible profesional-, ou cando desprezan a articulación de descontos ou beneficios nalgúns impostos como o de Sociedades para os profesionais que se ven inmersos nesta crise. Desde a Xunta de Galicia e desde o Executivo central refugan, en definitiva, posibles solucións que resultarían eficaces para minimizar o impacto da crise.

En todo caso, o máis preocupante da situación actual, ademais da súa repercusión directa e inmediata na economía diaria das miles de familias cuxo traballo, en Galicia, depende directamente do aproveitamento dos recursos do mar e do marisqueo, é observar a falta de vontade política dos actuais gobernantes que, pese a ter á súa disposición fórmulas para atallar os efectos perniciosos deste descontrol de prezos nos combustibles, non fan nada. Permanecen inactivos xa ben sexa por unha

cuestión de incapacidade manifesta na defensa da nosa pesca ou, o que é aínda máis grave, por simple desidia. Temos, polo tanto, un Goberno que non só se limita a dar as costas ao sector pesqueiro cando atravesamos unhas súas máis graves crises, senón que ademais, non ten intención de cambiar o seu errado comportamento.

Por todas estas razóns, o Grupo Municipal que subscribe, considera de interese municipal prioritario que o Pleno da Corporación ACORDE:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a que realice as xestións diante das administracións competentes co obxecto de promover as seguintes medidas:

a) A habilitación dun mecanismo polo que se leven a cabo descontos directos aplicables ao prezo do gasóleo, co obxecto de compensar o espectacular incremento sufrido nos últimos anos que ameaza con facer non rendible a actividade pesqueira e marisqueira.

b) Que se poña en marcha unha campaña de promoción dos produtos pesqueiros, destinada a fomentar a venda e consumo de peixe, co obxecto de que contribúa a frear a depreciación das especies comerciais de máis interese para Galicia.

c) A posta en marcha dunha batería de medidas fiscais, que inclúan a exención do pago de coutas sociais durante seis meses e desgravacións no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e no Imposto de Sociedades que está a ser soportado polos axentes do sector pesqueiro galego (mariñeiros, mariscadores, empresas do ámbito marítimo pesqueiro)

d) A elaborar en compañía das distintas administracións implicadas, sindicatos e organizacións pesqueiras máis representativas, dun plan estratéxico da pesca para os próximos anos, que inclúa un instrumento de análise e observancia da evolución dos prezos do gasóleo, por si esta requirise da implementación de mecanismos compensatorios.

e) A establecer un maior control das importacións de peixe foráneo, así como do etiquetado que, entre outras cuestións, identifica a procedencia das especies comerciais de venda no noso país.

SEGUNDO.- Remitir este acordo ao Presidente de Xunta de Galicia, á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e á Federación Galega de Confrarías de Pescadores.””

**O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, salientou a importancia que tiña o sector pesqueiro en Portonovo e manifestou que pola crise existente había familias que estaban a pasalo mal. Rematou dicindo que as peticións que contén a moción son importantes para Galicia pero tamén para o municipio de Sanxenxo.

**O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, preguntou a data de entrada da moción do PP, e o **secretario** contestou que foi o 23 de maio de 2008.

**A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que o seu grupo estaba a favor da urxencia da moción, pero non polo contido da mesma, senón pola defensa dos intereses dos mariñeiros de Portonovo.

Sometida a votación a urxencia, foi aprobada por unanimidade.

**O Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que, tanto o Sr. Casal Moldes como a Sra. alcaldesa, cando se presentaron por VIPS mocións de carácter xeral foron cualificadas coma “panfletos políticos” e agora é o PP o que as presentaba. Engadiu que presentou un rogo para que este concello adopte medidas de axudas a varios sectores entre os que se atopa o urbanístico.

Preguntoulle a **Sra. alcaldesa** ó Sr. Rodríguez Lorenzo se equiparaba o sector pesqueiro co urbanístico á hora de falar da crise.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que hai problemas en moitos sectores. Recoñeceu que a situación da pesca é difícil con manifestacións en Madrid nestes días, pero que había problemas semellantes noutros sectores, e outros máis “gordos” que van vir.

A **Sra. Agúin Pombo** manifestou que o PP parece que descoñecía as medidas adoptadas pola Consellería de Pesca (“algúns so viron o mar na praia e o peixe no prato”, dixo), e que a lexislación europea impedía conceder as axudas da moción. Indicou que polas xestións da Consellería de Pesca se conseguíronse maiores axudas para empresas, (de 3.000 pasouse a 30.000 €) e que negociouse con entidades bancarias para que estas anticiparan o importe das axudas. Tamén falou de cantidades que concede a administración do estado ós armadores (180.000 €). Engadiu que no orzamento estatal 2008, van destinadas cantidades económicas para proxectos como o “Peixe verde” sobre enerxías alternativas de combustibles (substitución de gasoil polo gas licuado). Rematou dicindo que o goberno central e o autonómico estaban a traballar nestes temas, pero o que non se pode é dicir “viva la subvención”, sen dar outras alternativas porque había outros sectores afectados e tamén o resto dos cidadáns.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que resultáballe curioso que o PP presente agora no pleno estas mocións, lembrando aquelas diatribas e verbas do antigo voceiro dos populares que dicía que para as mocións xenéricas xa estaba o BNG. Engadiu que o PP pretendía facer oposición á xunta dende os concellos nos que goberna. Lembrou que os nacionalistas presentaron moitas mocións no pleno sobre o sector pesqueiro, que rexeitaban os populares sen votar sequera a urxencia, estrañándose pola nova situación (“cosas veredes, amigo Sancho”, dixo). Rematou cualificando a moción de panfleto político, e dicindo que para facer política de estado ou autonómica hai outros foros.

O **Sr. Casal Moldes** manifestou que o PP sempre defendeu ó sector pesqueiro. Lembrou que o BNG sempre presentou mocións xenéricas, pero que estas que se traen hoxe a debate afectaban a moitas familias de Portonovo. Dixo que o goberno central está a ter en Bruselas fracaso tras fracaso nestas cuestións pesqueiras, e que segue a crise sen que as medidas servisen para nada. Rematou indicando que para Andalucía si hai subvencións e que a moción popular fala de realidades.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que aínda non cualificando a moción como panfleto, sobrábanlle frases políticas e lembrou que VIPS sempre falaba dos veciños de Sanxenxo. Anunciou o apoio á moción.

A **Sra. alcaldesa** lembroulle ó Sr. Rodríguez Lorenzo, unha moción do grupo mixto que se refería ós soldados iberoamericanos do exército español e preguntouse que tiña que ver esa problemática cos veciños de Sanxenxo.

A **Sra. Agúin Pombo** indicou que aumentar ás axudas ás empresas pesqueiras de 3.000 a 30.000 euros era moi importante, e percibir anticipadamente estas axudas sen custo, tamén. Engadiu que todo era mellorable, pero que a moción relatava falsedades e non se adapta á realidade. Rematou dicindo que había moitos sectores afectados pola suba dos combustibles.

A **Sra. alcaldesa** agradeceu o apoio do Sr. Rodríguez Lorenzo e indicou que, o Sr. Fernández Lores presentaba as mocións que lle ordenaba o partido, foran do que foran, mentres que o goberno local do PP, aínda que é disciplinado, non ten a obriga de presentar ó pleno calquera cousa. Engadiu que se podía facer algo máis por un sector primario que está a pasalo mal tras longos anos en declive. Rematou solicitando unha reflexión ós concelleiros porque aínda que era normal defender ós partidos políticos, había que ter primeiro un respecto polos veciños do municipio de Sanxenxo.

Sometida a moción a votación, acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: **10 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en contra: **7 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, aprobouse a moción nos termos antes reflectidos.-----

**152: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA DERROGAR AS NORMAS DO HÁBITAT, APROBADAS POR DECRETO DA XUNTA DE GALICIA O 17 DE XANEIRO DE 2008.** (R. DE ENTRADA NÚM. 3684 do 23/05/08). Polo Sr. secretario dáse lectura á moción que literalmente di:

“D. Ángel Casal Moldes, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urgencia.

#### **Xustificación da urxencia**

O pasado día 17 de abril entraron en vigor as Normas do Hábitat Galego, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia o 17 de xaneiro. Todos os sectores implicados están manifestando a súa oposición e adiantando os efectos negativos da mesma. Co obxectivo de evitalos o Grupo Municipal Popular de Sanxenxo presenta esta iniciativa para o seu debate na sesión da Corporación en Pleno.

#### **Exposición de Motivos**

As Normas do Hábitat Galego que ven de aprobar o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, pretenden marcar as calidades mínimas coas que se deben construír as novas vivendas.

Estas normas substitúen o actual Decreto de Habitabilidade do ano 1992, e recollen todos os parámetros de cómo deben construírse as vivendas en Galicia, sexan protexidas ou de prezo libre.

Estando de acordo co obxectivo global da mellora das condicións das vivendas, en canto supoñan a mellora das condicións de vida dos cidadáns; sen embargo, o Decreto de habitabilidade aprobado pola Xunta de Galicia, na súa actual redacción, presenta moitos aspectos que, aplicados na práctica, suporán evidentes perxuízos para os veciños.

Por suposto, o PPdeG está a favor de todas aquelas medidas que supoñan un aumento da calidade da vivenda e do hábitat dos veciños, pero precisamente por iso, entende que este obxectivo se debe perseguir baseándose na obxectividade e no rigor e non mediante normas improvisadas que suscitan o rexeitamento xeral.

A **Constitución Española** garantiza a autonomía dos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses. Sen embargo, as normas do Hábitat galego aprobadas, supoñen unha inxerencia e un ataque a autonomía local, toda vez que, según teñen manifestado xa moitos técnicos independentes, poderían chegar a colisionar mesmo cos Plans de Ordenación Municipal. Trátase, en consecuencia, dunha norma claramente intervencionista.

A día de hoxe, todos os sectores implicados manifestan a súa preocupación polos efectos negativos que se

derivarían da súa inmediata entrada en vigor: invasión na autonomía municipal, encarecemento dos prezos das vivendas de ata un 30%, parálise dos planeamentos en redacción ( nomeadamente para os concellos que os estén a tramitar ), exceso de reglamentación, discrecionalidade da Consellería de Vivenda para eximir do cumprimento da norma, etc.

Boa mostra da preocupación xerada por este Decreto é a saturación que, desde a publicación do mesmo, están sufrindo os servizos urbanísticos dos concellos galegos, recibindo un “aluvión” de solicitudes de licenzas de construción antes da súa entrada en vigor.

Trátase dunhas Normas, que como advirte o Consello Consultivo de Galicia nos dous ditames emitidos invaden competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo, ademáis de que pola súa imprecisión e ambigüidade xerarían inseguridade xurídica.

Os informes elaborados polos axentes implicados son contrarios ao texto aprobado pola Xunta de Galicia, de aí a preocupación que neste Grupo Municipal recolleemos de todos e cada un deles. A FEGAMP ven de recoñecer explicitamente que as normas en cuestión invaden as competencias da administración local.

Considerando, que estamos inmersos nunha crise económica profunda que repercute en todos os sectores produtivos, o Concello de Sanxenxo veríase claramente perxudicado pola aplicación deste decreto. Os primeiros perxudicados serían os propios veciños que sufrirían un aumento do prezo das vivendas e que logo abarcaría ao conxunto da actividade económica coa conseguente paralización dos sectores económicos esenciais. Asimesmo, a aplicación do decreto afectaría negativamente na recadación municipal e consecuentemente frearía a capacidade prestadora de servizos deste concello.

Por todo o anterior, o Pleno do Concello de Sanxenxo insta á Xunta de Galicia a:

1.Derogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos.

2.Remitir este acordo ao Presidente de Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á Fegamp e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.””

**O Sr. Casal Moldes concelleiro do Grupo Municipal do PP.,** manifestou que a norma do hábitat entrou en vigor e prexudica os intereses de todos.

Sometida a urxencia foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que pouco máis había que explicar pois a moción era explícita.

**O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto,** manifestou que hai un gran sector que está en contra da norma pero que os corporativos non poden opinar como se integraran só un sector dos afectados. Engadiu que a norma é negativa para os propietarios do solo, pero non para os ocupantes xa que mellora a calidade de vida das persoas que mercan un piso, segundo moita xente. Tamén dixo, que hai cuestións que inciden máis negativamente en Sanxenxo, citando a problemática de custos e outros problemas previstos no PXOM. Anunciou que, aínda así, apoiaba a moción porque a norma é mellorable.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo,** manifestou que apoiaba en todo a moción agás no termo “*derrogar*” e propuxo que o termo fora “**modificar**”. Engadiu que o PSdeG-PSOE presentou tamén ante este Pleno outra moción a mesma problemática con idéntico fondo, na que se solicita fomentar o diálogo e respectar a autonomía municipal. Rematou dicindo que se cambian o termo “*derrogar*” e si se inclúe o envío do acordo tamén á Consellería de Vivenda, o voto socialista sería favorable.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou, como na moción anterior, que o PP presentaba agora mocións xenéricas para facer política.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o Grupo Municipal do PP non presentaba todas as mocións do partido engadindo que só o facían das que afectan ó municipio ou ós seus veciños.

O **Sr. Fernández Lores**, afirmou que todos sabían porque se presentaba esta moción en Sanxenxo. Engadiu que en esta cuestión do hábitat hai que manexar datos, razoamentos e estudos, porque non existe ese amplo consenso de sectores do que fala o PP. Indicou que para os veciños que mercan un piso o decreto é bo para garantir as condicións de habitabilidade, fixando os requisitos das fiestras, dos ascensores, dos sotos, etc. Rematou dicindo que hai que rematar con situacións como as que se diron en Sanxenxo onde había trasteiros que logo querían venderse como vivendas.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que unha ministra do goberno socialista falaba non hai moito de pisos de 35 m<sup>2</sup>.

O **Sr. Fernández Lores**, manifestou que en Sanxenxo tamén había vivendas moi pequenas no mercado, e indicou que durante a etapa do goberno do PP subiron os pisos nun 300% que era un incremento desaforado. Engadiu que o PP criticaba agora o suba de prezos das vivendas e antes “non abriu a boca”. Tamén dixo que a norma persegue a calidade e a comodidade nas vivendas, e rexeitou que a normativa sexa unha inxerencia na autonomía municipal, xa que o único que se fixo foi mellorar a norma de 1992. Simplificou a cuestión dicindo que agora os técnicos que tiñan que emitir un informe de habitabilidade baseado na norma de 1992, teñen que facelo observando a norma de 2008, “e punto”. Rematou solicitando a reflexión e a seriedade para que se fagan propostas beneficiosas para os veciños de Sanxenxo e que esperaba á unha segunda intervención unha vez que falase o voceiro do PP.

O **Sr. Casal Moldes voceiro do Grupo Municipal do PP**, manifestou que o PP non subeu os prezos das vivendas xa que estabamos nunha economía de mercado. Indicou que a propia FEGAMP está en contra da norma por intervencionista. Rematou dicindo que, ademais de preocuparlle a suba dos prezos das vivendas, preocupánballe os supostos en que quedaba eximida a obriga de cumprir con esta norma.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que a “norma estaba a enfrontar a todo o mundo” e incluso a alcaldes do mesmo partido. Indicou que él tamén pensou hai tempo en presentar unha moción, pero non o fixo porque a norma tamén ten cousas boas pero, entra en demasiados aspectos. Engadiu que, por exemplo, esixir portas de 2,20 metros de altura é demasiado, e incrementasen os custos, pero por outra banda se adóptanse medidas para que non haxa vivendas escuras e con humidades como ata agora. Reiterou que apoiaba a moción.

A **Sra. Aguín Pombo**, reiterou que o seu grupo apoiaría a moción, de realizarse os cambios solicitados na súa intervención anterior.

O **Sr. Fernández Lores**, manifestou que o Sr. Casal Moldes non dixo nada, e que a normativa non falaba de portas de 2,20 m. de altura como di o concelleiro do grupo mixto.

O **Sr. Casal Moldes**, manifestou que “non hai máis xordo que o que non quere escoitar” dirixíndose ó voceiro nacionalista.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, afirmou que a altura das portas teñen que ser de 2,20 metros e que xa llo demostrará ó Sr. Fernández Lores.

A **Sra. alcaldesa**, manifestou que no dubidaba de que a explicación do Sr. Rodríguez Lorenzo ía a facerse publicamente.

Volveu a falar a **Sra. alcaldesa** para agradecer o apoio do concelleiro do grupo mixto. Manifestou que había aspectos aproveitables na norma, pero que non se podía elixir un peor momento para aprobala como este de crise, e que vai repercutir negativamente na economía. Rematou dicindo, que non cambiaba o da derogación (“o sinto, Dulcinea” dixo) porque é mellor unha norma nova, e que lle gustaría que o PSd G-PSOE apoiará a moción como o PP vai a apoiar a dos socialistas neste pleno.

Sometido o asunto a votación acadouse o seguinte resultado:

**Votos a favor: dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: catro (Grupo Municipal do BNG).**

**Abstencións: tres (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría, aprobou a moción nos termos antes transcritos.-----

**153: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO RELATIVA Á ENTRADA EN VIGOR DAS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO.** Polo **Sr. secretario** dáse lectura á moción que literalmente di:

“”O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN, en relación coa entrada en vigor do Decreto 262/2007, polo que se aproban as normas do hábitat galego**, en base ás consideracións recollidas na seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**:

A entrada en vigor do Decreto citado creou preocupación e un crecente malestar nos concellos galegos, tanto polo proceso seguido para a súa aprobación como polas repercusións que lles trae a súa aplicación efectiva.

As **NORMAS DE HÁBITAT GALEGO**, que derrogan as establecidas polo Decreto 311/92, do 12 de novembro, fórmulanse dende a perspectiva de mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas e do seu ámbito inmediato, tanto se son espazos públicos como privados.

Este loable obxectivo global da mellora das condicións de deseño, calidade e funcionalidade das vivendas, en canto supoña a mellora das condicións de vida dos cidadáns, considerámolo altamente positivo.

Nembargante este obxectivo compartido queda diluido por dúas razóns, unha principal, a súa colisión coa autonomía local e outra, procedimental, que foi a que proporcionou a invasión competencial como

consecuencia da falla de dialogo preciso coa Administración Local, representada polo seu lexítimo interlocutor, que é a FEGAMP.

A FEGAMP xa presentara alegacións no seu momento (Maio de 2007) advertindo taxativamente que “determinadas disposicións” do entón borrador de decreto “poden atacar á Autonomía Municipal” así como que “nalgúns preceptos oponse ao disposto no apartado I.b) do Pacto Local por canto se imponden procedementos e cargas sen compensación económica”. Recordar que o Pacto Local, como é sabido, foi asinado polo Presidente da Xunta de Galicia e o entón Presidente da FEGAMP.

Lamentablemente estas alegacións, a pesares dos reiterados chamamentos ao dialogo feitos dende a FEGAMP, Asociación que representa a tódolos Concellos de Galicia, non se tiveron en conta nin existiu por parte da Consellería de Vivenda a receptividade esperada.

Isto resulta especialmente chocante por canto, segundo recoñeceu públicamente a Consellería de Vivenda, si que se mantiveron contactos co resto de sectores implicados.

Por outra banda os Servizos Xurídicos da FEGAMP e os Servizos Técnicos da meirande parte dos Concellos de Galicia veñen de advertir, como anteriormente se dixo, que diversos preceptos e mandatos do Decreto, teñen sido aprobados con infracción dos principios de xerarquía e competencia con efectos lesivos para a autonomía municipal constitucionalmente recoñecida.

Dese modo estímase que o Decreto incorre en infraccións do principio de xerarquía normativa por canto contradí outras normas de carácter superior e de infraccións en materia do principio de competencia, na medida en que no respecta o ámbito competencial alleo por canto a súa intervención en determinadas materias está moito mais preto da ordenación urbanística que ao establecemento de estándares de habitabilidade, chocando coas competencias propias dos Concellos en materia de planeamento (que inclúe a formulación do Plan Xeral e mesmo de certos plans de desenvolvemento) e a través dos procedementos previstos na normativa urbanística.

A FEGAMP, sensible co malestar dos Concellos de Galicia, veuse obrigada a presentar un recurso contencioso contra este decreto para salvagarda dos intereses dos mesmos, na defensa da súa autonomía e na procura dun espazo de dialogo que fixera posible o acordo e evitara a confrontación.

En paralelo, case que todos os sectores afectados pola entrada en vigor do Decreto veñen de manifestar públicamente o seu desacordo co mesmo polas consecuencias que a súa entrada en vigor ocasiona.

Cando unha norma, que ten vocación de perdurar no tempo, concita tantas críticas e malestar débese concluir que o mellor para os cidadáns afectados pola súa aplicación virá pola vía do diálogo e da colaboración coa Administración que máis cerca está deles e non pola imposición da mesma.

Polo que,

**O Grupo Municipal socialista** somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte o seguinte **ACORDO**:

**Instar á Consellería de Vivenda a:**

1. Sen prexuízo das melloras que o Decreto das Normas do hábitat Galego pretende introducir a prol dunha maior calidade da Vivenda en Galicia, se abra un período de dialogo cos Concellos, representados pola FEGAMP.
2. Neste proceso de dialogo, se creen os instrumentos necesarios para modificar determinados aspectos do Decreto, que inciden na Autonomía Municipal e nas competencias Locais, que con garantías de cumprimento, fixera posible a retirada do recurso presentado.
3. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Vivenda e á FEGAMP.””

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que a moción estaba suficientemente argumentada.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que apoiaba esta moción pero como tamén foi apoiada a anterior do PP, podíase crear confusión. Estimou que sería moi positivo reunir ós voceiros dos grupos para aclarar o tema.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o PP vai a apoiar a moción do PSOE.

Sometida a urxencia a votación foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. Aguín Pombo** manifestou que era fundamental o diálogo para resolver este tema, recoñecendo que non é disparatado garantir a calidade das vivendas e a defensa dos intereses de todos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que estaba a favor da moción socialista e que non ía “reñida” coa do PP, aínda que a primeira era máis “suave”.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que había outros argumentos. Engadiu que o BNG pode perfectamente co-gobernar co PSOE e dialogar, aínda opoñéndose a esta moción dos socialistas. Tamén dixo que os recursos da FEGAMP íanse retirar co diálogo. Rematou dicindo que non é normal que o PSOE falase de intervencionismo da norma, cando os socialistas crearon en Madrid un ministerio da vivenda, e as competencias desta materia pertencen ás comunidades autónomas. Anunciou que o seu grupo ía votar en contra da moción.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o PP ía votar a favor, engadindo que lle producía tristura o xeito de gobernar do bipartito na xunta xa que están uns en contra doutros.

Sometida a moción a votación, acadouse o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 4 (Grupo Municipal do BNG).**

En consecuencia, aprobouse a moción nos termos antes reflectidos.-----

**154: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO SE INCLÚA UNHA PARTIDA ORZAMENTARIA DESTINADA A REFORMA INTERIOR E EXTERIOR DA CASA DA CULTURA DE BORDÓNS.** (R. DE ENTRADA NÚM. 3720 do 27/05/08). Polo **Sr. secretario** dáse lectura á moción que literalmente di:

“”O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 25681986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

A parroquia de Bordóns conta unicamente como local social a Casa de Cultura. Ano tras ano o deterioro do devandito local é maior.

Entre os problemas que ten a Casa de Cultura son os seguintes:

- 1º Dificil accesibilidade das súas escaleiras.
- 2º Deterioro do acolchado dos pasos das escaleiras.
- 3º O parque está totalmente gastado e apolillado.
- 4º As fiestras filtran aire é frío.
- 5º A parte de abaixo está nunha situación deplorable sen baños axeitados.

Por elo, solicitamos ó Pleno dá Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Que nos orzamentos do Concello de Sanxenxo para o ano 2008 inclúase unha partida orzamentaria destinada a reforma interior i exterior da Casa da Cultura de Bordóns que supoña un cambio nas súas escaleiras para mellorar a accesibilidade, cambio de fiestras, de parqué, dotación de calefacción, pintado, así como unha reforma integral da parte de abaixo incluíndo a dotación de baños.””

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que cada pouco tempo había máis queixas sobre o estado deste local. Engadiu que incluso varias persoas tiveron problemas de accesibilidade para emitir o voto nas últimas eleccións. Rematou dicindo que en pleno século XXI non se podía ter un local en condicións tan deficientes.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, anunciou o seu apoio á moción, pero manifestou que era mais partidario de derrubar o edificio e que se fixese outro que cumprira coa normativa en canto ó acceso de discapacitados e outras cuestións legais.

A **Sra. alcaldesa** anunciou que xa había unha partida orzamentaria con cantidades destinadas ó arranxo da casa de cultura de Bordóns, polo que o PP ía votar en contra da urxencia. Recoñeceu que, para o futuro, gustáballe máis a idea do Sr. Rodríguez Lorenzo.

Sometida a urxencia a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: 8 (Grupo Munipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra: 9 (Grupo Muncial do PP).**

En consecuencia a moción foi rexeitada.-----

**155: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO SE ARRANXE A ESTRADA DE PADRIÑAN.** (R. DE ENTRADA NÚM. 3721 do 27/05/08). Polo **Sr. secretario** dáse lectura á moción que literalmente di:

“”O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 25681986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

Tanto a estrada que vai dende Silbosa ata Padriñán como a que transcorre polo interior de Padriñán, presentan dende fai moito tempo un estado total de abandono.

Ditos viais, así como as súas cunetas están cheas de baches, maleza e socabóns ó longo de todo o percorrido, feito que dificulta o tránsito de vehículos e dos seus veciños.

Ademais na entrada de Padriñán hai un muro derrubado a carón da estrada que entorpece o tránsito dos viandantes.

Ó mesmo tempo, na subida a Aldariz, á altura da fonte de Reis, a carretera está derrubada no seu lateral, polas continuas chuvias; a pesar de estar sinalada con vallas, consideramos que é unha zona moi perigosa que pode ocasionar accidentes.

Por elo, solicitamos ó Pleno dá Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Que se proceda de inmediato por parte da Concellalía de Infraestructuras e Obras de este Concello a limpeza das cunetas destes viais así como o asfaltado do mesmo, deixando uns viais que garanten a seguridade dos vehículos así como dos viandantes.””

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que tiña bastantes queixas de veciños da zona sobre o mal estado da estrada.

A **Sra. alcaldesa** anunciou que estaba a favor da urxencia.

Sometida urxencia a votación, foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. Aguíñ Pombo** indicou que esperaba o apoio para unha moción sinxela, desexando que houbera vontade para arranxar a estrada.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que estaba a favor da moción porque era certo que a estrada estaba en malas condicións. Engadiu que ía solicitar á deputación que asumise o arranxo da súa parte na estrada.

Sometida a votación a urxencia, foi aprobada por unanimidade.-----

**156: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO SE CONVOQUE A COMISIÓN DE COORDINACIÓN, SUPERVISIÓN E SEGUIMIENTO DO CENTRO DÍA.** Pola **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Bloque Nacionalista Galego**, dáse lectura á moción que literalmente dí:

“”Dona Sandra Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de SANXENXO.

**EXPÓN:**

Os estatutos do Centro de Día de Sanxenxo, regúlanse dentro do ámbito de actuación da Lei 4/1993 do 14 de abril, de Servizos Sociais.

Neste regulamento do Centro de Día, o capítulo XII trata sobre o ORGANIGRAMA DO CENTRO, sendo o artigo 29 o que expón as seguintes unidades instrumentais cuxa función será a dirección e administración do Centro:

- a) Dirección ou coordinación do Centro.
- b) Comisión de coordinación, supervisión e seguimento do Centro de Día.
- c) Comisión técnica e administración.
- d) Comisión de valoración.

O artigo 31 trata a comisión de coordinación e seguimento do Centro de Día, que estará constituída por:

- Director/a ou coordinador/a do Centro.
- O Sr./a alcalde/sa-Presidente/a ou persoa en quen delegue.
- O concelleiro/a delegado de Benestar Social.
- Un concelleiro/a do grupo da oposición con maior representación no Concello.
- Un representante da Asociación de usuarios.

As funcións desta comisión serán velar polo bo funcionamento do Centro de Día, así como a toma de decisións en asuntos como:

- Aprobalo proxecto de prezos públicos para o funcionamento do Centro para, despois elevalo ao Concello para a súa aprobación en Pleno.

- Supervisar a actividade xeral do Centro nos aspectos administrativos e a prestación do servizo.
- Informar da memoria semestral e anual do Centro de Día sobre as actividades e situación xeral do Centro, que será elaborada polo director/a-coordinador/a.
- Decidir sobre aquelas obras ou medidas excepcionais a adoptar para mellorar o funcionamento do Centro, elevando a proposta ao Concello para a súa aprobación.
- Impoñer as sancións por faltas graves.
- Calquera outra cousa, que no sucesivo, puidera atribuírselle.

Así mesmo, o artigo do regulamento expón que esta comisión reunirse con carácter ordinario dúas veces ao ano, sendo convocada polo Director/a cunha antelación de 48 horas.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Sanxenxo é o grupo maioritario da oposición, tanto neste mandato como no anterior, e non lle consta que fora convocado para asistir á devandita Comisión de organización, polo que supoñemos que esta comisión NUNCA foi convocada dende a creación destes estatutos no ano 2.004.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita que o Pleno da Corporación adopte o seguinte **ACORDO:**

***Instar ao Grupo de Goberno para que, en cumprimento dos estatutos do Centro de Día, convoque coa maior urxencia posíbel a Comisión de coordinación, supervisión e seguimento do devandito Centro de Día.”***

A concelleira nacionalista, Sra. Fernández Agraso manifestou que, por coherencia, deberíase convocar a comisión despois de catro anos.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o centro funcionaba ben e que nin houbo necesidade de convocar este órgano ata agora. Lembrou que nin se redactaron as memorias semestrais que piden os estatutos, xa que os informes da inspección son mais que suficientes. Engadiu que como non houbera cuestións de prezos ou de expedientes disciplinarios, non se convocou esta comisión de seguimento. Rematou dicindo que entendía que a oposición quixese estar na comisión, anunciando que tiña a intención de convocar ó órgano canto antes, para dar información do funcionamento do centro. Anunciou así que o PP ía apoiar a moción.

Sometida a urxencia a votación foi aprobada por unanimidade.

Non se produce debate e a moción foi aprobada tamén por unanimidade.-----

# ROGOS

**1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PROPOÑENDO A ENTREGA DAS CEBOLAS DE OURO A “ASOCIACIÓN CULTURAL ABIÑADOIRA” E O “MOTOCLUB AMIGOS DE LA MOTO” (R. DE ENTRADA NÚM. 2358 DO 16/04/08).** O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, aceptou, logo da petición da presidencia, tratar este asunto como rogo.

Polo Sr. **secretario** dáse lectura a este escrito que literalmente di:

“José L. Rodríguez Lorenzo, representante de **VIPS ( Vecinos Independentes Por Sanxenxo)** na Corporación manifesta:

O día 17 de xullo de 2007, a través do rexistro de entrada do noso concello, cursouse un escrito, que logo da súa parte explicativa terminaba expoñendo:

Que este ano, de consideralos merecedores, a lestes dous colectivos se lles proponían para que reciban, en compensación e apoio moral a súa labor, sendas cebolas de ouro a **Asociación Cultural Abiñadoira** e o **Motoclub Amigos de la Moto**, na entrega a realizar o vindeiro mes de setembro.

Logo, a continuación, facíase un rogo, que parece ser se levou a término.

Como queira que a moción foi rexeitada, pois só votamos a favor os grupos BNG e VIPS; pero a Sra. Alcaldesa prometeu o seu estudo para a súa entrega este ano 2008, por estar comprometidas as correspondentes a devandita edición. **Como queira que outro ano mais, os referidos colectivos continuaron coa boa traxectoria a que nos teñen afeitados**, é polo que para o seu estudo ante o pleno da corporación presentamos a mesma.

MOCIÓN:

Que este ano, de consideralos merecedores polos grupos da corporación, a estos dous colectivos se lles proponían para que reciban, en compensación e apoio moral a súa labor, sendas **cebolas de ouro**: a **Asociación Cultural Abiñadoira** e o **Motoclub Amigos de la Moto**, na entrega a realizar o vindeiro mes de setembro.”

Rematada a lectura, a **Sra. alcaldesa** manifestou que trasladaría este rogo á comisión organizadora.-----

**2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 23/04/08 (R. DE ENTRADA NÚM. 2525).** Polo Sr. **secretario** dáse lectura a este escrito que literalmente di:

“José L. Rodríguez Lorenzo, representante de **VIPS (Veciños Independentes por Sanxenxo)** en la Corporación, manifiesta:

Según datos proporcionados por el sindicato UGT, solo en los tres primeros meses del año, más de 2500 trabajadores gallegos cesan su actividad en la construcción en el resto del estado, principalmente en Madrid y Canarias; han regresado a Galicia para ingresar en las listas del INEM al perder sus puestos de trabajo y en marzo, el número de parados vinculados a esta actividad se incrementó en más de un 13% en relación al mismo mes de 2007.

La desaceleración económica y la recesión inmobiliaria elevarán el paro hasta el 10% y lo peor es que parece que se dejará notar más intensamente en el 2009, si es que no continúa.

La crisis de la construcción está provocando una caída de más de un 30% en las promociones inmobiliarias en la provincia, y los visados en los colegios de arquitectos en un porcentaje similar, aunque en las últimas fechas se han visado un número elevado debido a la entrada en vigor de la conocida por Ley de Hábitat, por cierto, viviendas que en muchos casos no se llegarán a construir; además de tener la seguridad de que en Galicia nunca se visaron tantos proyectos incompletos, solo con la idea de entrar por registros municipales antes de la entrada en vigor de la Ley, lo que es entendible.

Para completar el panorama, la caída del valor del suelo, la crisis crediticia, la falta de liquidez y el desplome de las ventas colocan el panorama económico en una situación nada halagüeña a nivel de la Nación, lo que indica síntomas claros de recesión.

**En Sanxenxo estamos sufriendo esas turbulencias de forma palpable, que se deja notar tanto en el sector inmobiliario como en el turístico**, ya que en si en el primero de las ventas están prácticamente estancadas con caídas de precios en el segundo los turistas no se dejan ver, aún a precio de saldo.

Por una u otras razones, y con datos extraídos de los medios de comunicación, en estos últimos 40 días, Sanxenxo ha dejado escapar más de 300 puestos de trabajo permanentes en tres empresas, que VIPS, en parte, imputa al Gobierno municipal por falta de voluntad en algún caso y gestión política en otros; unos se marcharon para Cambados, otros para O Grove y la tercera, como no trabajen de noche nada sabemos de la misma. No tenemos constancia, en este o en el pasado siglo, de que en tan breve espacio de tiempo se hayan desestacionalizado o abandonado su idea de establecerse, tantos puestos de trabajo en nuestro municipio.

Por otro lado, por los medios de comunicación también nos hemos enterado de que, por enésima vez en los últimos años, se va a renovar la página Web del Concello, para lo que se solicitó una subvención. Entendemos que esos cambios que se pretenden introducir están orientados a facilitar las gestiones a los vecinos, pero desde VIPS pediríamos también que sirviese, como en otros concellos, para dar mayor transparencia a la gestión municipal y de la forma en que se recaudan los ingresos y de cómo se gastan.

En reiteradas ocasiones se ha dicho desde el Gobierno local que Sanxenxo es un Ayuntamiento rico y por otro, como recoge el Tribunal de Contas de Galicia y corrobora lo anterior, estamos entre los tres municipios de la comunidad que mayor presión fiscal soportan.

Sanxenxo es también un ayuntamiento caro ya que sus tasas e impuestos están a la altura de las grandes ciudades de Galicia aunque no, en la mayoría del caso, con las contraprestaciones que reciben sus ciudadanos.

